



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CEP CELSO EMILIO FERREIRO  
Rúa O Porriño s/n - 36209 Vigo (Pontevedra)  
Telf.: 986 29 80 58 - Fax: 986 24 42 49  
Correo-E: cep.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepcelsoemiliovigo>

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**CEP CELSO EMILIO FERREIRO - VIGO**  
**E EI CRISTO DA VICTORIA - VIGO**

## ÍNDICE

0. Marco legal	Páx. 3
1. Xustificación baseada no contexto.	Páx. 5
2. Identificación e valoración das necesidades.	Páx. 6
3. Determinación dos obxectivos	Páx. 8
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.	Páx. 9
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	Páx. 15
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.	Páx. 18
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición	Páx. 22
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.	Páx. 23
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.	Páx. 26
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.	Páx. 28
11. Anexos	Páx. 30
12. Certificación do Consello Escolar	Páx. 40

## **0.-Marco legal**

Neste apartado referenciamos a normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

- Orde 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995).
- Orde de 31 de outubro de 1996, da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).
- Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).
- Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (DOG 21/10/1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de EI e EP dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 2/09/1997).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/1998).
- Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/7/ 1998).
- Orde de 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/1/2003).
- Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelctualmente.
- Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/2/2004).
- Orde de 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de EI, EP, ESO e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19/3/2007).
- Decreto 130/2007, de 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9/07/2007).
- Orde de 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30/11/2007).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG23/06/2009).
- Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG 21/12/2011).
- Lomce Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da educación primaria. (BOE 1/03/2014).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).  
Corrección de erros (DOG do 10 de setembro de 2014)

A Lomce Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa no seu preambulo dí:

*La atención a la diversidad se establece como principio fundamental que debe regir toda la enseñanza básica, con el objetivo de proporcionar a todo el alumnado una educación adecuada a sus características y necesidades.*

*En la etapa primaria se pone el énfasis en la atención a la diversidad del alumnado y en la prevención de las dificultades de aprendizaje, actuando tan pronto como éstas se detecten.*

*La adecuada respuesta educativa a todos los alumnos se concibe a partir del principio de inclusión, entendiendo que únicamente de ese modo se garantiza el desarrollo de todos, se favorece la equidad y se contribuye a una mayor cohesión social. La atención a la diversidad es una necesidad que abarca a todas las etapas educativas y a todos los alumnos. Es decir, se trata de contemplar la diversidad de las alumnas y alumnos como principio y no como una medida que corresponde a las necesidades de unos pocos.*

No artigo 4. Punto 3 aclara :

*Sin perjuicio de que a lo largo de la enseñanza básica se garantice una educación común para los alumnos, se adoptará la atención a la diversidad como principio fundamental. Cuando tal diversidad lo requiera, se adoptarán las medidas organizativas y curriculares pertinentes, según lo dispuesto en la presente Ley.*

No artigo 19 que expón os principios pedagóxicos

*1. En esta etapa (primaria) se pondrá especial énfasis en la atención a la diversidad del alumnado, en la atención individualizada, en la prevención de las dificultades de aprendizaje y en la puesta en práctica de mecanismos de refuerzo tan pronto como se detecten estas dificultades*

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación defínenos a diversidade como “*unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.*

*Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que consideren a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.”*

Polo tanto, entendemos por **atención á diversidade** o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intentan previr e dar respostas ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo

o alumnado do centro, e entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural ou de saúde; de altas capacidades; de compensación lingüística; de minusvalidez física, psíquica, sensorial, ou con trastornos graves da personalidade, da conduta ou do desenvolvemento; ou de graves atrasos ou de trastornos da comunicación e da linguaxe.

Con este Plan de Atención á Diversidade adquirimos o compromiso de garantir:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación compensando as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, e prestando especial atención ás que deriven de discapacidade.

## **1.-Xustificación baseada no contexto**

No Departamento de Orientación do CEP “Celso Emilio Ferreiro” existía un plan xeral de atención á diversidade que foi o referente durante este tempo para estruturar a atención ao alumnado do centro, en particular ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a todo o que por diversas causas puidera precisar dunha atención puntual. Este documento foi de uso habitual e estaba baseado na normativa vixente, especialmente no Decreto 320/1996 que regulaba a atención a este alumnado.

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, deroga o citado anteriormente e fai necesaria a formulación dun novo plan de atención xeral á diversidade no noso centro que recolla e se adecúe a esta nova normativa e a desenvolva de maneira concreta. O curso pasado esbózase o primeiro documento baseado nesta lexislación que nos serviu como base para a elaboración deste documento.

Para poder formular un novo Plan é necesario contextualizar o colexio:

O noso centro é un centro de ensino público de Educación Primaria de 12 unidades. Consta de tres edificios : edificio principal, aulario e pavillón deportivo No edificio principal hai : 12 aulas, 1 aula de relixión/apoio, aula de audición e linguaxe, aula de pedagogía terapéutica, biblioteca, aula de inglés aula de Tecnoloxía (que se utiliza como almacén), aula de Plástica, aula de Ciencias Naturais, aula de Música, aula de Informática, despacho de orientación, despachos de dirección e xefatura de estudos, administración e secretaria, sala de profesores, sala de usos múltiples, sede da ANPA e aseos, e a antiga casa do Conserxe, actualmente reconvertida en biblioteca. No aulario hai 8 aulas, das cales se utilizan tres como espazo de comedor e outra como aula matinal. Do primeiro andar se utilizan dúas aulas para unha actividade de Mediación Social, promovida pola Cruz Vermella, e outra que esta acondicionada para a realización dalgunhas actividades extraescolares. Ademais hai 1 titoría, e aseos nas dúas plantas. O recinto conta tamén cun pavillón equipado con aseos, vestiarios e cuarto de material. Os edificios están rodeados por espazos verdes, pistas deportivas e aparcadoiro. Dispón tamén dunha horta e diferentes espazos adicados a plantas aromáticas e medicinais.

O CEP Celso Emilio Ferreiro ubícase dentro do casco urbano de Vigo, no barrio de Coia. O alumnado ten transporte escolar gratuíto. O centro conta con servizo de comedor xestionado pola ANPA O centro mantén unha colaboración estreita co resto dos centros da zona especialmente coa EEI “Cristo da Victoria” que está adscrita e nutre de alumnos os cursos de Ed.Primaria e o Orientador tamén exerce neste centro. Tamén hai unha gran colaboración co IES Álvaro Cunqueiro, centro adscrito, sobre todo en determinadas celebracións e tamén para facilitar o paso a Secundaria, do alumnado que cursa o último curso de Primaria.

A situación laboral dos pais é de asalariados cun soldo medio-baixo e con maior índice de paro no caso das nais. Os estudos dos proxenitores son primarios e a célula familiar esta composta polos proxenitores e dous fillos. A maioría das familias é orixinaria da zona, aínda que estase experimentando un aumento de alumnado procedente do estranxeiro (Hispanoamérica, Europa do Leste, África, Asia) e tamén de etnia xitana.

O alumnado deste Centro é moi variado (alumnado de integración tardía, dificultades de linguaxe,...)

O claustro o forman 25 profesores de Educación Primaria.

En canto a atención a diversidade hai que ter en conta que na actualidade temos:

\*alumnado de raza xitana.

\*alumnado romanés con escaso coñecemento das linguas cooficiais

\*alumnado de incorporación tardía

E tamén alumnado diagnosticado polo Sergas:

\*alumnado TDAH.

\*alumnado TEA

\*alumnado con dislexia

\*alumnado con trastorno do comportamento

\*alumnado con psicoses infantil

O persoal específico para á atención a diversidade é: un orientador que ten adscrito o EEI Cristo da Victoria, unha mestra de Pedagogía Terapéutica a tempo total, unha mestra de Pedagogía Terapéutica a tempo parcial e unha mestra de Audición e Linguaxe compartido con centro base no noso centro. Este persoal resulta insuficiente polo gran número de alumnado valorado e identificado como NEAE.

## **2.-Identificación e valoración das necesidades.**

Tendo en conta o alumnado e recursos persoais dos que dispoñemos, a detección e valoración de necesidades efectuémosla, como se explica con maior amplitude máis adiante, empregando a información proporcionada polos docentes, polas familias e aquela recollida polo DO.

### **2.1 Alumnado obxecto do Plan**

De xeito sintético, o Plan vai dirixido a:

- Ao alumnado de Necesidade de Apoio Educativo que a LOMCE define como aqueles alumnos y alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por:
  - Por presentar necesidades educativas especiais
    - Discapacidade
      - Física
      - Intelectual
      - Sensorial
      - TXD
    - Trastorno grave de Conduta
  - Por dificultades específicas de aprendizaxe
    - Trastorno da lectura
    - Trastorno da escritura
    - Trastorno do cálculo
    - Trastorno da lectura e escritura
    - Trastorno da lectura e cálculo

- Trastorno da escritura e cálculo
  - Trastorno da lectura, escritura e cálculo
- TDAH
- Polas altas capacidades intelectuais
  - Talentosos
  - Superdotados
- Por haberse incorporado tarde ao sistema educativo
  - Con desfase curricular e sen coñecemento das linguas
  - Con desfase curricular e con coñecemento das linguas
  - Sen desfase curricular e sen coñecemento das linguas
  - Sen desfase curricular e con coñecemento das linguas
- Por condicións persoais
  - Pertenza a outras etnias
  - Atención hospitalaria
  - Atención domiciliaria
- Por historia escolar
  - Retraso da fala e da linguaxe.
  - Disfasia
  - Disartria
  - Disglosia
  - Disfemia
  - Mutismo selectivo
  - Retraso madurativo
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.

## **2.2 Identificación das necesidades educativas**

### 2.2.1 Actividades de inicio de curso para a identificación de necesidades

Cando un titor/a se fai cargo dun grupo novo, reunirase durante o mes de setembro coa titora ou titor anterior para coñecer as características do grupo e as características individuais do curso que vai titorar.

Por outra parte, está a disposición para a súa consulta toda a información acumulada na Secretaría de anos anteriores en relación ó seu grupo de alumnado.

O DO achegará información sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico ou doutro alumnado acerca do que se dispoña de información relevante para a súa atención.

Ó comezo do curso, as actividades lectivas enfocaranse á realización duna avaliación inicial que será realizada polo titor/a e polos especialistas de área . Esta avaliación inicial é unha medida ordinaria de atención á diversidade encamiñada a determinalo nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas.

### 2.2.2.-Actividades durante o curso para a identificación das necesidades

Durante o curso poden xurdir diferentes necesidades e para detectalas utilizaremos os seguintes procesos para detectalas:

- Observación dos titores e mestres especialistas
- Sesións de Avaliación
- Probas colectivas pasadas polo Orientador:
  - Probas de Comprensión Lectora a primaria
  - Test sociométrico a primaria
  - Test de intelixencia (Infantil 6º no Cristo da Victoria, 2º e 4º de Primaria,)

- Conceptos básicos no Cristo da Victoria
- Probas curriculares segundo demanda dos profesores
- Proba de autoconceito en primaria
- Entrevistas coas familias
- Outras procedementos

### 2.2.3 *Valoración das necesidades: Avaliación psicopedagóxica*

As medidas extraordinarias necesitarán autorización das autoridades educativas e dunha avaliación psicopedagóxica entendendo como avaliación psicopedagóxica:

- Un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumno, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.
- É competencia e responsabilidade da Xefatura do Departamento de Orientación.
- As conclusións redáctanse nun Informe Psicopedagóxico que orienta ao profesorado sobre a atención que precisa e como deseñar as súas intervencións.

## **3.-Determinación dos obxectivos**

- Facilitar á totalidade do alumnado o desenvolvemento das súas competencias básicas, así como o logro dos obxectivos da etapa, con un enfoque inclusivo e establecendo os procesos de mellora continua que favorezan o máximo desenvolvemento, a formación integral e a igualdade de oportunidades
- Atender á diversidade do alumnado segundo o modelo organizativo de intervención educativa que determina os procesos de ensino/aprendizaxe máis adecuados ás características persoais.
- Incorporar accións cara a prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe no ámbito do linguaxe, fundamentalmente no Cristo da Victoria na etapa de educación infantil e no primeiro curso de Primaria.
- Previr e intentar resolver os problemas de exclusión social, discriminación e inadaptación que puidera xurdir entre o noso alumnado.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada ó alumnado, especialmente os que presenten NEEs
- Considerar a diversidade educativa e social como un elemento enriquecedor do centro..
- Implicar o profesorado do centro como responsable da atención ao alumnado con necesidades de compensación educativa, con necesidades educativas especiais e con dificultades de aprendizaxe.
- Articular o asesoramento ás familias sobre actuacións específicas.
- Facilitar o acceso ás familias aos servizos sociais e asistenciais de zona.
- Establecer uns criterios pedagóxicos que orienten as medidas a adoptar co alumnado con NEAE.



## **4.-Actuacións, medidas adoptadas e programas para a atención á diversidade**

Organizamos a resposta educativa ós alumnos/as en base ós principios de normalización e inclusión. Por tanto, a primeira atención recíbea o alumnado no seu grupo clase por parte da titora ou titor, pero establecemos medidas máis específicas dirixidas a aquel alumnado ó que non é posible prestarlle a atención adecuada unicamente coa intervención do mestre/a que rexenta a titoría.

### **4.1.- MEDIDAS ORDINARIAS**

O obxectivo destas medidas é tanto a prevención de dificultades de aprendizaxe coma a abordaxe no contexto ordinario daquelas dificultades susceptibles dun tratamento neste contexto.

#### **4.1.1.-PLANS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.**

O Plan Xeral do D.O. relata detalladamente os plans e programas que utiliza este departamento das súas funcións. Entre outros temos:

4.1.1.1.-Plan de Adaptación de Infantil. Plan dirixido ás familias e aos alumnos que se incorporan novos a EI no Cristo da Victoria

4.1.1.2.- Programa de avaliación inicial dos nenos de Infantil-3. Coñecer a través dos pais aos nenos e nenas de tres anos mediante unha entrevista semidirixida

4.1.1.3.-Programa de Estimulación da Lingua Oral. Programa dirixido ao alumnado de Infantil impartido pola mestra de Audición e Linguaxe e ten a finalidade da prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe no ámbito do linguaxe.

4.1.1.4.-Programa de acollida á nenos novos (agás I-3) Crear un clima de seguridade e afecto que garanta un primeiro contacto gratificante e positivo do neno/a coa escola e detectar posibles dificultades dos alumnos

4.1.1.5.-Programa de avaliación e seguimento do desenvolvemento madurativo. Detectar o antes posible indicadores que predispoñen á aparición de trastornos de aprendizaxe e retrasos no desenvolvemento. Promover habilidades e destrezas que favorezan o desenvolvemento madurativo.

4.1.1.6.-Programa de prevención de dificultades na aprendizaxe da lectoescritura. Coñecer o momento madurativo idóneo en cada neno/a para aborda-las aprendizaxes de lectoescritura e identificar canto antes as dificultades que se poidan atopar no proceso.

4.1.1.7.-Programa de detección e corrección de procesos erróneos na escritura, lectura e cálculo. Detectar os alumnos/as con dificultades nas aprendizaxes instrumentais e superalas.

4.1.1.8.-Programa de Técnicas de Traballo intelectual e de modificabilidade e mellora cognitiva Mellora-las habilidades e competencias cognitivas do alumnado. Estudar con técnicas eficaces que permitan un mellor rendemento.

4.1.1.9.- Programa de modificación e promoción de condutas. Detectar e previr anomalías condutuais. Propiciar comportamentos adaptados e disciplina de aula por procedementos positivos.

4.1.1.10.-Programa de Acollida ao alumnado inmigrante. Facer dos primeiros días no Centro unha situación máis fácil e máis humana e polo tanto lograr con facilidade a súa integración escolar.

4.1.1.11.- Programa de atención á alumnos con necesidades educativas de apoio educativo. Mediante os programas anteriores tratamos de identificar ao alumnado con atrasos madurativos, problemas de aprendizaxe na lectoescritura, procesos erróneos na lectura, escritura e/o cálculo, alumnado sobredotado, etc e darlle a atención educativa que necesitan

4.1.1.12.-Programa de enriquecemento curricular para escolares con altas

capacidades intelectuais Detectar ao alumnado de maior capacidade e darlle instrumentos para o desenvolvemento persoal

#### 4.1.2.-REFORZO EDUCATIVO

Como establece a normativa, empregamos esta medida co alumnado que presente un desfase curricular ou que encontre unha maior dificultade na aprendizaxe de contidos considerados básicos, incluídos hábitos e rutinas no caso de EI. En termos xerais, será impartido polo titor/a e, cando as condicións o permitan, colaborará outro profesorado en coordinación coa titora ou titor; nestes casos, será o Xefe de Estudos que, seguindo os criterios de priorización, tome a decisión de apoiar a ese alumno/a cun mestre/a con dispoñibilidade horaria.

De todos xeitos existe no Centro un “Plan de Reforzo Educativo” aprobado polo Claustro e o Consello Escolar do CEP Celso Emilio Ferreiro, o día 21 de xaneiro de 2014 onde se recolle que o reforzo educativo estará destinado a todo o alumnado do Centro sendo os obxectivos:

- Adquirir os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas das áreas de lingua e matemáticas.
- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos/as mediante a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, e mellorando en habilidades e actitudes asociadas á lectura e escritura.
- Mellorar a integración social dos alumnos/as no grupo e no centro.
- Facilitar a transición dun ciclo a outro.
- Propiciar nos alumnos/as unha actitude positiva e activa cara á aprendizaxe.
- Reforzar a autoestima persoal, escolar e social dos alumnos/as.
- Facilitar aos alumnos/as o logro de aprendizaxes construtivas e significativas mellorando os seus procedementos de aprendizaxe.

Os criterios de selección do alumnado serán:

- Ter un grado de desenvolvemento de competencias básicas que non se atope acorde co seu grupo de idade.
- Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e cando se estime que, coa axuda do programa de reforzo, poidan superalas.
- Alumnos/as que presenten desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe adecuadas.
- Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio suficiente na actividade escolar.
- Ser alumnado inmigrante, pertencente a etnias ou en situación de desvantaxe social que presenten as dificultades anteriormente citadas.

#### 4.1.3.-MEDIDAS ORGANIZATIVAS

No noso centro temos liña 2 polo que hai que facer distribución de alumnado.

Están aprobados no centro uns criterios para a formación dos grupos:

- Alumnado procedente do EEI Cristo da Victoria:
  - Atenderase ao criterio que marque o Orientador xunto coas titoras do centro adscrito Cristo da Victoria
- Cando non se formen grupos novos e existan alumnado novo ou repetidor
  - Será a Xefa de Estudos co asesoramento do Departamento de Orientación quen asigne estes nenos ao correspondente curso.
- Cando se formen novos grupos:
  - Unha comisión formada por: Xefe de Estudos, Xefe do Departamento de Orientación, os dous titores que deixan a estes grupos de nenos e nenas e un especialista que lles dera clase durante ese curso os encargados de formar estes grupos seguindo estes criterios:

- Equilibrio entre as ratios de ámbolos dous grupos.
  - Equilibrio de sexos.
  - Equilibrio de Potencial de Aprendizaxe.
  - Distribución equilibrada de alumnado con algunha problemática específica grave que se considere que poida alterar o funcionamento normal da clase.
  - Distribución equilibrada de alumnos que asisten a Relixión e alumnos que asisten a valores Sociais e Cívicos.
  - Ubicación en distintos grupos aos alumnos que teñen o mesmo nome, sempre que sexa posible.
- Ademais hai que ter en conta estas consideracións específicas:
- Cando se adscriba un alumno ou alumna con NEE a un grupo, sempre que os recursos o permitan, reducirase o número de escolares da aula que acolla a esa nena ou neno.
  - Cando exista un desequilibrio no número de alumnas/os, as/os que se incorporen ao centro serán escolarizados nos grupos de menor número, tendo en conta, non obstante, as consideracións redactadas neste documento.
  - Si se producise un incremento do número de grupos nun nivel, procurarase manter o maior número posible de escolares no seu grupo e incorporarse ó grupo de nova creación ó alumnado que proceda doutros centros.
  - O alumnado de novo ingreso procedente de centros ubicados dentro do territorio español, asignarase provisionalmente a un grupo en función da idade ata dispoñer do expediente académico e/ou do resultado da avaliación inicial.
  - En calquera momento do curso poderemos cambiar de clase ó alumnado que acosa ou sofre acoso e ó que presente dificultades importantes de relación e integración na aula. Esta medida poderase levar a cabo sempre que previamente se tratase de solventar a problemática mediante intervencións concretas e non se conseguise. O equipo docente emitirá un informe sobre as actuacións implementadas e o seu resultado. No informe constará a opinión maioritaria dos seus integrantes sobre a posibilidade de cambio de grupo, incluíndo, se é o caso, os votos particulares que se considere. Tamén incluírase a valoración do Departamento de Orientación.
  - Cando un alumno e/ou alumna procede doutro país, adscribirase ó curso que lle corresponda pola súa idade ata que se remate a avaliación inicial. A partir desta avaliación procederase segundo o establecido no plan específico para o alumnado estranxeiro.
  - Excepcionalmente, durante o curso poderemos cambiar de clase ó alumnado cuxas condicións especiais aconsellan tomar esta medida (equilibrio entre grupos, incompatibilidade nas relacións entre alumnado concreto...). Poderase levar a cabo sempre que previamente se tratase de solventar a problemática mediante intervencións concretas e non se conseguise. Para isto terase en conta o criterio maioritario do equipo docente e a valoración do Departamento de Orientación.

#### 4.1.4.-AMPLIACIÓN DO CURRÍCULUM

Temos deseñados programas de enriquecemento propiamente ditos que figuran no Plan Xeral de Orientación

#### 4.1.5.-ACTUACIÓN DIRIXIDAS Á MELLORA DA CONVIVENCIA

Dispoñemos dun Plan de Convivencia que se basea nos principios de colaboración, de reconciliación, de reconstrución, de prevención, de participación, de resolución e de respecto.

A medidas de atención do alumnado con condutas disruptivas severas e reiteradas están recollidas no NOF do Centro

### **4.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, no seu caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

#### 4.2.1.-PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NUN CURSO

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa (artigo 13 do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia)

#### 4.2.2.-ADAPTACIÓN CURRICULARES

Como establece a normativa (Orde 6 de outubro de 1995), empregamos esta medida en casos que requiren modificacións significativas nun ou máis elementos prescritivos do currículo. Quedarán incluídas entre estas medidas as adaptacións de acceso ó currículo que impliquen unha adaptación significativa de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Un destes casos poderá ser a utilización de sistemas alternativos de comunicación.

Polo tanto, poderá afectar ao alumnado con alta capacidade intelectual ou alumnado con necesidade específica de apoio que requira unha adaptación que implique o traballo de obxectivos e contidos dun ciclo anterior. Será elaborada polo profesor que imparte á área coa colaboración do resto do equipo docente e do/a orientador/a.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa. (Artigo 5.3 da Orde 6 de outubro de 1995)

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario (Artigo 5.3 da Orde).

#### 4.2.3.-AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Poderanse constituír, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial (Orde do 27 de decembro do 2.002).

Esta medida extraordinaria constitúe unha estratexia organizativa e curricular para

tratar de dar resposta a diferentes ritmos de aprendizaxe e á diversidade de intereses e características de cada alumno ou alumna.

Consisten en flexibilizar a organización das aulas formando grupos reducidos de alumnos en cada clase, curso ou nivel segundo un criterio de capacidades ou intereses.

O Grupo de Flexible terá estas características:

- a) O número máximo de alumnos é 6 e o mínimo 4
- b) Soamente se flexibilizan as áreas de Lingua Castelán e Matemáticas.
- c) O horario é o mesmo que o seu grupo de referencia.
- d) Os mestres serán designados polo Xefe de Estudos e traballarán coordinadamente co titor e co mestre responsable da área.
- e) Reunión do equipo de profesores do grupo para a avaliación.
- f) Cando falte o mestre do GF será substituído por un mestre de garda que seguirá coa programación.
- g) Non se trata de grupos permanentes. Un alumno ou alumna pode cambiar de grupo se cambian os seus coñecementos e/ou intereses.

#### 4.2.4.-INTERVENCIÓN DO MESTRE DE PT E AL

Este profesorado intervirá nos casos de necesidades específicas de apoio educativo cando se especifique no correspondente informe psicopedagóxico. A medida poñerase en marcha unha vez emitido o informe, para cuxa realización se seguirá o establecido no punto 2.2.3 relativo a avaliación psicopedagóxica.

Non será necesaria a emisión de informe no caso de dificultades de fala, que serán atendidas pola mestra de AL, sempre que a súa dispoñibilidade horaria o permita.

#### 4.2.5.-FLEXIBILIZACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN

##### *4.2.5.1.-Ano de prórroga na Educación Infantil. Para o Cristo da Victoria*

Segundo sinala o artigo 1º do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia “Con carácter xeral, o alumnado incorporárase ao primeiro curso da educación primaria no ano natural en que cumbran seis anos.

E segundo a Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Artigo 27º.-Educación infantil e ensino básico.

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na educación infantil e nas diferentes etapas do ensino básico poderase modificar nos termos que se recollen a continuación...

Educación infantil: poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumbran os sete de idade.

##### *4.2.5.2.-Prórroga extraordinaria en Educación Primaria para o alumnado con NEE*

E segundo a Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Artigo 27º.-Educación infantil e ensino básico.

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na educación infantil e nas diferentes etapas do ensino básico poderase modificar nos termos que se recollen a continuación...

Educación primaria: poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do

disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince de idade.

A prolongación do período de escolarización limitarase a un máximo de un ano durante a etapa obrigatoria.

#### 4.2.5.3.-*Alumnado con altas capacidades intelectuais*

Decreto 130 artigo 15.4: “A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais flexibilizarase de tal forma que se poida anticipar un curso ao inicio da escolarización nesta etapa educativa ou reducir a súa duración cando se prevexa que estas son as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización, ou poderá enriquecerse o currículo, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

As medidas son:

\*Programa de enriquecemento horizontal (reforzo educativo de aceleración)

\*Programa de enriquecemento vertical (ACI)

-ACI no mesmo grupo

-ACI parcial no mesmo grupo

-ACI en distinto grupo

\*parcial

\*total

\*progresiva

Calquera modificación do período de escolarización obrigatorio quedará reflectido no expediente académico e no historial académico do/a alumno/a.

#### 4.2.6.-GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

Segundo a Orde do 20 de febreiro do 2004 esta medida estará dirixida ó alumnado procedente do estranxeiro que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia e terá estas características:

1. Están destinados a alumnos de Primaria e a alumnos do último curso de Infantil
2. Será autorizado pola Inspección Educativa
3. A familia será informada previamente
4. O tempo máximo será dun trimestre aínda que a Inspección Educativa poderá ampliar excepcionalmente este período
5. O alumno incorporarase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas
6. Os horarios semanais serán:
  - a. Último curso de Infantil.....5 períodos lectivos
  - b. 1º Ciclo de Primaria.....10 períodos lectivos
  - c. 2º e 3º Ciclo de Primaria.....20 períodos lectivos
  - d. Estes horarios deberán irse reducindo a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.
  - e. O alumno permanecerá no seu grupo de referencia nas materias de educación física e educación artística.
7. O titor será o encargado da coordinación do equipo docente asesorado

polo Departamento de Orientación

#### 4.2.7.-GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Segundo a Orde do 20 de febreiro do 2004 esta medida estará dirixida ó alumnado procedente do estranxeiro que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade e e terá estas características:

1. Será autorizado pola Inspección Educativa
2. A familia será informada previamente
3. Soamente se poderán desenvolver no segundo e terceiro ciclo de primaria
4. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.
5. O alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular.
6. O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ó mesmo curso ou ciclo.
7. O horario será dun máximo de 8 períodos lectivos semanais
8. En ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abrangue-la totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.
9. O titor será o encargado da coordinación do equipo docente especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.
10. O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado aínda que a emisións das cualificacións correspóndelle ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.

## **5.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

### **5.1.-Plans e Programas.**

Son deseñados polo Departamento de Orientación sendo a súa aplicación uns polo Xefe do Departamento e outros polo titor.

Figurarán o seu deseño no Plan Xeral de Orientación

Anualmente priorizaranse no Plan Anual de Orientación

### **5.2.-Reforzo educativo**

Os reforzos educativos son unha medida de atención que debe ser elaborada polo profesor de area ou materia con coñecemento do titor/a.

Este programa de reforzo, que permanecerá no expediente do alumno, será levado á práctica polo profesor de área.

Nalgúns casos pode ser un mestre con dispoñibilidade horaria (Decreto 229/2011 artigo 8) o que faga estes reforzos segundo estes criterios que figuran no “Plan de Reforzo Educativo” que son:

1. Ter un grado de desenvolvemento de competencias básicas que non se atope

- acorde co seu grupo de idade.
2. Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e cando se estime que, coa axuda do programa de reforzo, poidan superalas.
  3. Alumnos/as que presenten desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe adecuadas.
  4. Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio suficiente na actividade escolar.
  5. Ser alumnado inmigrante, pertencente a etnias ou en situación de desvantaxe social que presenten as dificultades anteriormente citadas.
  6. Esta medida non pode realizarse fora da aula ordinaria (Orde 6 de outubro de 1995 no seu artigo 4)

### **5.3.-Permanencia dun ano máis nun curso**

(LOMCE Artigo 20)

*“O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación. Atenderase especialmente aos resultados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria e de final de Educación Primaria”.*

O Centro dispón duns criterios de promoción aprobados polo Claustro e polo Consello Escolar:

Estableceranse tres grupos de áreas:

- Grupo A para designar as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castellana.
- Grupo B para designar as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Lingua estranxeira.
- Grupo C para designar as áreas de Educación Artística, Educación Física, Relixión e Valores Sociais e Cívicos.

#### **O alumnado promocionará cando:**

- Alcanza o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como un axeitado grao de madurez consonte a súa idade, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo A máis outra do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) en dúas áreas do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo B e dúas do grupo C.
- En situacións excepcionais, cando un alumno ou alumna non acade o desenvolvemento adecuado das competencias, pero debido a circunstancias especiais considérase que debería promocionar ao curso ou etapa seguinte, poderá facelo sempre e cando se conte cun informe favorable do equipo de orientación e cun informe de cada mestre que imparte docencia nese grupo argumentando o seu posicionamento. A decisión final será a acordada polo 100% dos compoñentes da comisión de avaliación tras valorar estes informes.

### **5.4.-Ampliación do Curriculum**

Os cursos que considere oportuno poderá solicitar a maiores do libro de texto ou



libro dixital algún caderno dos moitos que existen no mercado para a ampliación do curriculum para os nenos e nenas que teñen un nivel curricular máis avanzado co resto da clase.

Esta medida ten que ser aprobada polo Consello Escolar cando aprrobe os cambios de libros de texto

### **5.5.- Actuacións dirixidas á mellora da convivencia**

Recollidas no Plan de Convivencia e nas NOF con diferentes protocolos para a atención do alumnado con condutas disruptivas severas e reiteradas.

### **5.6.- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**

O Decreto de Atención a Diversidade entende como unha medida ordinaria a adaptación de tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación polo que é o propio titor ou o propio profesor de área o que ten que tomar esta medida podendo ser asesorado polo Departamento de Orientación.

### **5.7.-Medidas extraordinarias**

As medidas extraordinarias están na lexislación claramente organizadas e distribuídos os recursos ase como a aplicación das medidas, agás a intervención do mestre de PT e AL que permiten aos centros certa flexibilidade na súas priorizacións

#### *CRITERIOS PARA PRIORIZAR A ACTUACIÓN DOS ESPECIALISTAS DE PT E AL*

1. Atender en primeiro lugar ao alumnado con necesidades educativas especiais.
2. Atender ao alumnado obxecto dunha ACI.
3. Atender aos NEAE por este orde
  - a. Dificultades específicas de aprendizaxe
  - b. Condicións persoais
  - c. Historia escolar
  - d. Incorporación tardía
  - e. Altas Capacidades
4. Continuar cos apoios realizados o curso anterior, sempre que o equipo docente e o DO o considere oportuno. Se existen dous mestres de PT e/ou AL deberán continuar co mesmo alumnado do curso anterior
5. Potenciarase a atención en Educación Infantil con carácter preventivo pola mestra/e de Audición e Linguaxe que elaborará e porá na práctica os talleres de linguaxe co asesoramento do Departamento de Orientación. Ditos talleres levaranse a cabo sempre e cando a dispoñibilidade horaria da especialista de AL e as necesidades do alumnado o permitan.
6. Priorizar a actuación da mestra/e Pedagogía Terapéutica nos cursos máis baixos.
7. Dentro das necesidades temporais, darase prioridade aos casos segundo o tipo e grao da patoloxía, despois de ser avaliados polo Orientador
8. Terán prioridade na intervención aqueles casos que se consideren urxentes segundo o criterio de idade, atendendo primeiramente o alumnado que presenta disfuncións de tipo educativo, e despois o que presente dificultades que se consideren de tipo evolutivo por pensar que estas poden ser subsanadas polo propio neno/a.
9. Favorecerase a creación de novas actuacións ou revisión das que se están a levar a cabo para adaptarse o mellor posible ás necesidades.

## **6.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**

### **- TITORES:**

Os titores deberán desenvolver accións para coñecer cada alumno e alumna, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e seguir, se é o caso, as adaptacións curriculares, considerar tipos de agrupamentos, etc.

As súas funcións veñen recollidas no artigo 33 da LOMCE é son:

1. As funcións do profesorado son, entre outras, as seguintes:

- a. A programación e o ensino das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c. A tutoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d. A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, se é o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e. A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f. A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- g. A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
- h. A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación neste.
- i. A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección, que lles sexan encomendadas.
- j. A participación na actividade xeral do centro.
- k. A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- l. A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

2. Os profesores realizarán as funcións expresadas no apartado anterior baixo o principio de colaboración e traballo en equipo.

### **- MESTRES ESPECIALISTA EN PT E MESTRE ESPECIALISTA EN AL:**

O mestre especialista en Pedagogía Terapéutica é o principal responsable de desenvolver as funcións de apoio educativo nos centros ordinarios que escolaricen alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

O mestre especialista en Audición e Linguaxe é o encargado de atender as necesidades relativas ó ámbito lingüístico que presentan os alumnos e alumnas. É o profesional que debe favorecer, no centro, a detección dos problemas de comunicación e facilitar as estratexias de intervención. Terá que asumir tamén funcións de participación na elaboración do PEC, colaborar co titor na programación de aula resaltando os aspectos comunicativos, alertará sobre as dificultades comunicativas detectadas nos talleres de lingua en educación infantil, colaborará na elaboración de adaptacións curriculares, etc.

A función do mestre de apoio é a de colaboración sen que signifique mingua ningunha do titor. A intervención do mestre de apoio estará sempre vinculada á relación cos alumnos, podéndose

realizar de forma individual ou en pequeno grupo.

As funcións destes profesionais están recollidas na seguinte lexislación: Decreto 374/1996 de 17 de outubro no artigo 84:

*Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidade educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións:*

*a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.*

*b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.*

*c) Orienta-lo profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.*

*d) Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.*

*e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.*

A Orde do 24 de xullo de 1998 no seu artigo 7 di:

*Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento de ditas centros, os mestres especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe exercerán as súas funcións en tódalas etapas educativas que se impartan no centro e desenvolverán, ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:*

*a) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.*

*b) Participar na avaliación inicial do alumnado e naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.*

*c) Colaborar na elaboración seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.*

*d) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.*

*e) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.*

Así mesmo, segundo a Orde do 27 de decembro de 2002 sobre escolarización de ACNEE no seu artigo 19 di:

*As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.*

*A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular da etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro.*

Unha vez por semana os especialistas reuniranse co Xefe do DO para tratar a evolución dos alumnos segundo o Plan de Intervención que elaboraron de cada alumno ou alumna.

Ao remate de cada curso escolar, durante o mes de Xuño, os especialistas de PT e AL

elaborarán unha memoria anual que conterá os seguintes puntos:

1. Introducción
2. Proceso de desenvolvemento da programación inicial e modificacións introducidas.
3. Atencións individualizadas a alumnos/as
4. Actuacións a nivel de grupo
5. Valoración do grado de consecución dos obxectivos
6. Implicación e participación dos diferentes profesionais
7. Conclusións e propostas de mellora

Ase mesmo, elaborarán trimestralmente informes individualizados de cada alumno atendido

### **- DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

As funcións do Departamento de Orientación veñen recollidas na Orde do 24 de Xullo de 1998 no seu artigo 10 e no noso propio Plan De Orientación Educativa. É importante salienta a súa laboura de coordinación entre os diferentes plans que afectan á diversidade do noso Centro.

A súa composición é: Xefe do DO, mestres de PT e AL con funcións de apoio a ACNEE, coordinadores de nivel e coordinadora de EI.

As súas funcións son:

a) *Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.*

b) *De acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado conforme o que establece no artigo 13º da presente Orde e da comisión de coordinación pedagóxica do centro, elabora-las propostas do plan de orientación académica e de madurez vocacional e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.*

c) *Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.*

d) *Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.*

e) *Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.*

f) *Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida enfrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.*

g) *Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.*

h) *Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.*

i) *Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promove-la cooperación entre o centro e as familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses, adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.*

l) *Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.*

*m) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.*

Durante o mes de setembro o DO elaborará un plan anual de orientación que incluirá como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Xustificación baseada no contexto.
- b) Obxectivos.
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias.
- d) Estratexias de intervención.
- e) Criterios de avaliación do plan.

Durante o mes de xuño o departamento realizará unha memoria na que se recollerán polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- c) Conclusións e propostas concretas de mellora.

Tanto o Plan como a Memoria será redactada polo xefe de departamento e entregada ó equipo directivo para a súa inclusión na PXA e na memoria final do centro.

#### **- XEFE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

As funcións do Xefe do DO veñen recollidas no artigo 11 da Orde do 24 de Xullo de 1998:

*Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, do regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, os xefes ou xefas dos departamentos de orientación dos ditos centros terán as seguintes funcións:*

- a) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento de orientación.*
  - b) Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.*
  - c) Representa-lo departamento na comisión de coordinación pedagóxica.*
  - d) Convocar e presidi-las reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.*
  - e) Asistir ás reunións convocadas polo xefe ou xefa do departamento de orientación do instituto de educación secundaria ó que está adscrito.*
  - f) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.*
  - g) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.*
  - h) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, no caso de estar en posesión das titulacións que se indican no artigo 4 a) do Decreto 120/1998, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, se é o caso, da elaboración do informe psicopedagóxico.*
  - i) Coordinar, en colaboración cas profesores ou profesoras de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.*
  - l) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.*
  - m) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.*
- 2. A participación do xefe do departamento de orientación nas sesións de avaliación responderá as súas competencias de asesoramento e apoio ó profesorado e asistirá ás mesmas con voz e sen voto.*

#### **- EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS**

Son equipos a disposición do Centro formados por especialistas e que requiriremos no caso de necesitar a súa axuda.

Poderase solicitar a intervención destes equipos, con motivos debidamente xustificadas, a requirimento do xefe do departamento de orientación, do director do centro, xuntando o informe do xefe do departamento de orientación, co visto e prace do inspector de zona, ou por proposta deste último.

Solicitaremos a súa intervención nos seguintes casos:

- Proposta de cambio de modalidade de escolarización.
- Necesidade dunha avaliación externa ao centro.
- Deseño de programas e formas de actuación que o centro non teña previstas no plan xeral de atención á diversidade

### **- EQUIPO DIRECTIVO**

Con independencia das súas funcións determinadas no Regulamento Orgánico dos centros e precisados no NOF, contéplase: facer cumprir este Plan, promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste Plan, coordinar a todo o profesorado a través da Xefatura de Estudos, solicitar os recursos externos cando sexa preciso.

## **7.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN**

A tarefa educativa ten que ser unha tarefa compartida, polo que debemos relacionarnos todos os implicados no proceso educativo:

### **7.1 Coordinación interna**

- *Equipo directivo*: que intervirá en cuestións máis de tipo organizativo, sobre todo a xefa de estudos, que é a coordinadora da liña pedagóxica do centro.
- *Ccp*: que é o órgano de coordinación pedagóxica por excelencia
- *Departamento de Orientación*
- *Equipos de nivel*. Nas programacións didácticas han de incluír as actuacións cos ACNEEs
- *Titor*: Primeiro nivel de Orientación. Son os coordinadores da atención do seu alumnado.
- *Profesorado especialista*: asesoramento na elaboración das ACS, asesoramento en canto metodoloxía, recursos a utilizar,...
- *Xefe de estudos e xefe do Departamento de Orientación* para unha mellor coordinación do alumnado de ACNEE
- *Outros profesionais*: en caso de que interveñan co alumnado.

De aí a importancia das correspondentes reunións, como o departamento de orientación (DO) semanalmente, comisión de coordinación pedagóxica (CCP) e equipo de nivel mensualmente, seguimento das medidas trimestralmente, o xefe do DO e o titor periodicamente, as familias na hora semanal de tutoría e cando sexa necesario.

### **7.2 Coordinación externa**

#### **7.2.1.-SERVIZOS EXTERNOS**

É fundamental a coordinación con servizos externos como:

- Outros centros educativos dos que proveñan os alumnos/as para asegurar a necesaria coordinación entre etapas e o traspaso de información;

- Estructuras responsables de formación como o Centro de Formación e Recursos;
- Concello, empresas, administración,... para concretar a súa colaboración nos distintos programas, visitas,...; servizos e programas sociais (municipais, de mocidade,...) relacionados con programas educativos, de inadaptación, condutas asociales,...;
- Servizos sanitarios;
- Diversas asociacións en función das necesidades do alumno (ONCE, FADEMGA, DOWN, CRUZ VERMELLA, APAM, FARO DAS CIES...);
- EOE, que pode prestar a súa colaboración na identificación das necesidades educativas do alumno/a ou no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas específicos de intervención;
- Inspección Educativa que velará polo cumprimento das funcións dos DO, realizará o seu seguimento e prestará o asesoramento necesario,
- Delegación Provincial e Dirección Xeral de Educación para temas relacionados co seu ámbito de responsabilidade.
- Gabinetes aos que acoden o noso alumnado NEAE becado polo Ministerio de Educación por carecer o noso centro dos medios suficientes e que a propia convocatoria esixe esa coordinación.

Será importante que non se superpoñan roles e actuacións, así como non deixar necesidades ou demandas sen respostas. Así, será necesario que se coordinen e consensúen as actuacións. Todos os equipos e profesionais deben estar en todo momento informados das actuacións e tarefas que realizan cada un deles.

#### 7.2.2.-IES ÁLVARO CUNQUEIRO

Tamén manteremos contacto co centro ao que estamos adscrito: o IES ÁLVARO CUNQUEIRO; está relación é dirixida polo orientador do IES:

- en setembro o xefe do departamento de orientación do centro reunirse no seo do departamento de orientación do IES ao que estamos adscritos co fin de realizar conxuntamente as liñas xerais do plan de orientación entre os centros da zona.
- Nos reunimos trimestralmente.
- No terceiro trimestre o alumnado de 6º de Primaria visitará o IES; nunha visita programada con anterioridade polos Orientadores dos Centros e o equipo directivo do IES
- No mes de Xuño, alumnado do IES vira ao Centro para explicar o funcionamento do IES

#### 7.2.3.-EEI CRISTO DA VICTORIA

A relación co EEI Cristo da Victoria é permanente xa que é un centro adscrito ao noso.

Existen protocolos de relación co Cristo da Victoria, ademais hai un compromiso que o Orientador acuda ao Centro de Infantil cinco horas semanais para atender as súas demandas sobre todo realizar a atención temperá tan demanda na LOMCE

## **8.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

Tal e como establece o Decreto 229/2011, as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado.

A Orde 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos

con NEE di que a *colaboración coas familias será fundamental tanto para a identificación das necesidades dos seus fillos como para o apoio nas accións de carácter preventivo ou compensador.*

A Orde de 27 de decembro de 2002, condicións e criterios para a escolarización do alumnado con NEE di que *informarase aos pais do desenvolvemento e seguimento das medidas de atención educativa.*

O Decreto 120/1998, de orientación educativa e profesional e a Orde do 24 de xullo de 1998 que a desenvolve establece entre as competencias dos Departamentos de Orientación: *promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.*

A Disposición adicional vixesimoterceira da LOMCE di que *“Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos..”* Nós coordinarémonos con eles para a súa implicación no proceso educativo e establecer pautas de actuación comúns, orientación aos pais/nais: evitar a sobreprotección, o rexeitamento, a negación da evidencia, un excesivo nivel de esixencia, eliminar sentimentos de culpa.

Como vemos a lexislación está chea de referencias a comunicación e colaboración entre familia e escola sobre todo co alumnado de ACNEE.

Os canles de colaboración serán:

## **8.1.-Coas nais, pais ou titores legais**

### **8.1.1.-Canles de participación individuais:**

- *Entrevistas:* tendo en conta que os obxectivos variarán en función do momento e a razón da mesma. Ademais sería recomendable ter un instrumento común de recollida de datos para todo o centro e profesorado (chegar a un modelo único). Sen esquecer a necesaria protección destes datos. Estas entrevistas se realizarán os días e horas previstas no calendario anual tanto no Celso Emilio Ferreiro como no Cristo da Victoria.
- *Entrevista inicial:* búscase un intercambio de información. Esta entrevista se realiza con todo o alumnado de Infantil de tres anos do Cristo da Victoria e con todo o alumnado novo nos centros. Neste primeiro encontro os pais terán a oportunidade de coñecer en profundidade o funcionamento do Departamento de Orientación e outros aspectos do Centro ,... O Orientador poderá rexistrar datos persoais, historia clínica, hábitos e actitudes, escolarización anterior,...
- *Entrevistas posteriores:* búscase información que nos sexa necesaria e trasladar datos aos pais sobre o proceso de adaptación do neno, aceptación no aula, nivel de aprendizaxe,...
- *Reunións por avaliación psicopedagóxica.:* cando teñamos que realizar unha avaliación psicopedagóxica realizaremos tres reunións coa familia: a primeira xunto coa titora para informalos das dificultades que o alumno ten e de que se lle vai a realizar unha avaliación psicopedagóxica; a segunda será co orientador para obter información sensible e a última será o Orientador xunto a titora para informar dos resultados da avaliación psicopedagóxica e as medidas a tomar. Os pais teñen dereito a copia do informe da avaliación



psicopedagóxica que a solicitarán por escrito á Dirección do Centro e con rexistro de saída do centro.

- *Encontros informais*: ás veces non é sinxelo concertar entrevistas ou reunións polo que deberemos aproveitar certas ocasións por exemplo as saídas ou entradas no centro,...
- *Informes de avaliación*: a través dos que se lles fará chegar información aos pais sobre o proceso educativo dos nenos.
- *Outros*: chamadas telefónicas, notas, compromisos educativos, axendas,... moi útiles sobre todo no caso de nenos pequenos ou con problemas de comunicación. Nestes casos adóitase rexistrar datos cotiáns, solicitudes de actividades ou materiais,...

#### **8.1.2.-Canles de participación grupais ou colectivos**

Os pais teñen canles de participación no Centro como poden ser: ANPA, Consello Escolar,...

- *Reunións colectivas*: O Orientador asistirá ao principio de curso ás reunións convocadas polos titores e informará do funcionamento do DO. Se algún titor/a necesita que o Orientador afonde sobre algún aspecto concreto o solicitará cunha semana de anticipación.
- *Reunións informativas*. O Orientador poderá reunirse coas familias para explicar as probas obxectivas realizadas aos alumnos e darlle individualmente os resultados das mesmas.
- *Actividades formativas*: a través de charlas, conferencias, comisións de traballo, escolas de pais,...

### **8.1.-Cos servizos externos ao centro.**

*Unidades de atención do SERGAS*: logopedia, neuropediatría e psiquiatría.

A comunicación coas persoas responsables destes servizos realizarase a través das familias. A profesora de A.L. encargárase da coordinación co servizo de logopedia que atenda ao alumnado do centro.

*Aulas de apoio ao aprendizaxe dos Servizos Sociais do Concello*.

Son aulas que externas que subvenciona o Concello de Vigo aos que poderán ser derivados o alumnado con desfase curricular e sen medios económicos.

*Profesionais da psicoloxía e/ou da educación* que interveñan desde o ámbito privado.

Partimos da base de que canta intervención haxa que poida mellorar o desenvolvemento dos nosos alumnos é desexable e benvida. Habitualmente exerceuse esta colaboración cos pais como mediadores e transmisores da información polo que debemos procurar que as canles sexan profesionais. Xa que logo, a transmisión da información do centro aos profesionais e viceversa debería ser por escrito para que quede constancia dela. Con todo, coa finalidade de adecuarse á Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, en ningún caso o profesorado comunicará datos persoais dos seus alumnos a persoas que non estean debidamente identificadas e contén ademais coa autorización da familia para recibir ese tipo de información.

*Organismos e institucións, públicos ou privados*, que traten de maneira xeral ou especializada distintos problemas da educación dos nenos.

O centro facilitará a colaboración con entidades e organismos que poidan mellorar a atención dispensada ao alumnado con necesidade específica de apoio aportando a súa experiencia e boas prácticas. Esta colaboración realizarase a través do departamento de orientación e deseñárase o programa adecuado entre os titores e o departamento en función das necesidades do alumnado e a oferta da institución.

*Médicos e pediatras*.

Unha atención á diversidade adecuada require a intervención multidisciplinar. A información aportada polos profesionais da medicina deberá ser tomada en consideración para a formulación dos programas de reforzo, as adaptacións curriculares, programas de modificación de conduta, etc.

## **9.- Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.**

### **9.1.-Adaptacións curriculares**

Pasos a seguir no centro:

- a) Proporase a pertinencia ou non dunha ACS na sesión de avaliación do mes de xuño, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias, por parte do equipo de profesionais que teñan relación docente co/a alumno/a e do Xefe de Estudos, tendo en consideración as recomendacións do/a orientador/a. O mestre de cada área suspensa, elaborará a relación de estándares acadados e non acadados polo alumno.
- b) A inicio do seguinte curso, e, partindo dos resultados acadados nos estándares de aprendizaxe na avaliación de xuño do curso anterior, realizarase unha avaliación diagnóstica para ver a conveniencia ou non da ACS.
- c) Procederemos ou non á elaboración do documento segundo decida o equipo docente que atenda o/a alumno/a e tomando como referente os estándares de aprendizaxe xerais de etapa.
- d) Información á familia que asinará o documento de que foron informados de que se lle ía realizar unha ACI.
- e) Elaboración por parte dos mestres que imparten as materias do documento co asesoramento do Orientador, da mestra de PT e da mestra de AL
- f) Solicitude de autorización por parte do/a director/a dirixidas ó Servizo Provincial de Inspección.
- g) Todo este proceso se realizará durante os meses de setembro e outubro debendo estar rematado antes que finalice o mes de outubro.
- h) Seguimento da ACI:
  1. Avaliación en función dos criterios establecidos para o/a alumno/a.
  2. Rexistro nos boletíns de información ás familias, no expediente académico.
  3. Revisión periódica da ACS cando menos unha vez ó remate de cada curso (aconsellable unha vez ao trimestre) ou cando a situación o requira.
  4. Promoción: Ao finalizar o curso para o que se realiza a ACS o/a titor/a ou profesor/a da área ou materia obxecto de adaptación, oído a súa familia, determinarán a promoción de curso da ACI ou a necesidade dalgunha adaptación, tomando como referencia os estándares da ACI.

### **9.2.-Agrupamentos Flexibles**

Pasos a seguir:

1. O titor/a do grupo solicita ao Xefe de Estudos o agrupamento flexible mediante un documento onde se recollan as razóns da formación do AF e un informe de cada alumno proposto explicando a súa problemática. Este paso realizarase antes do mes de xuño do curso anterior para poder organizalo vindeiro curso.
2. O Xefe de Estudos solicita informe ao Departamento de Orientación da conveniencia ou non do AF. (nos tres días seguintes da solicitude do titor ao que axuntará copia da solicitude e dos informes dos alumnos elaborados polo titor)
3. Informe individualizado do Orientador de cada alumno proposto. (xuño)
4. O Xefe de Estudos reunirá a todo o profesorado que incida nese grupo e

cos informes do titor/a e do Departamento de Orientación e vendo os recursos humanos de que dispón o Centro se decidirá a solicitude ou non a Inspección Educativa da formación do GF. Nesta reunión propoñeranse os mestres do GF e os alumnos que o forman. (Antes do 15 de setembro)

5. Información as familias nas que asistirán o titor, xefe de estudos e orientador (antes do 20 de setembro)
6. Información ao Claustro e ao Consello Escolar da formación do GF e da incidencia organizativa no Centro (antes do 25 de setembro)
7. Elaboración da Programación Didáctica do GF
8. Solicitude de autorización por parte do director dirixidas ó Servizo Provincial de Inspección. (antes do 30 de setembro)

### **9.3.-Intervención das mestras de PT e AL**

As mestras de PT e AL soamente actuarán unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes (artigo 9.1 do Decreto 229/2011).

Será necesario informe xustificativo del Departamento de Orientación e autorización da Dirección del centro educativo (artigo 9.1 do Decreto 229/2011).

#### **PROTOCOLO PARA A ACTUACIÓN DO PT E AL**

1. Os titores respectivos cubrirán unha “Folla de derivación” con información do/a alumno/a que entregará á orientador/a para que se leve a cabo unha avaliación psicopedagóxica e/ou faga unha proposta que de resposta ás necesidades existentes.
2. O Orientador terá unha entrevista co titor/titora para ampliar a información da folla de derivación.
3. Entrevista cos pais para obter a información do ámbito familiar e informar da aplicación das probas
4. Aplicación das probas
5. Elaboración do informe psicopedagóxico
6. Análise dos resultados das probas co titor/a, especialistas de PT e AL (se o informe recomenda a estes profesionais)
7. Autorización da Directora
8. Realización pola banda do mestre de PT ou AL (se van a intervir) do programa que van a levar a cabo segundo os resultados e recomendacións do informe psicopedagóxico
9. Entrevista cos pais, titor, mestre de PT ou AL (se é o caso) e orientador para a explicación dos resultados e as medidas adoptadas co seu fillo
10. Posta en marcha do programa elaborado por PT ou AL
11. Avaliación dos programas unha vez por semana nas reunións de PT, AL e Orientador
12. Avaliación unha vez por trimestre coa titora

\*A actuación pola banda da mestra/e de AL por problemas evolutivos de fala non necesitan deste protocolo, soamente necesitará dunha solicitude de intervención deste profesional ao Orientador/a

### **9.4.- Flexibilización do periodo de escolarización**

#### **9.4.1.- Ano de prórroga na Educación Infantil.**

Para adoptar esta medida seguiremos os seguintes requisitos:

1. Informe do titor/a solicitando xustificadamente a necesidade da medida.
2. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo

- departamento de orientación
3. Conformidade da familia ou titores legais do/a alumno/a
  4. Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996
  5. Solicitude do director do centro dirixido á Inspección da zona á que adxuntará o informe do titor, o informe do DO e a conformidade da familia. (no mes de abril)
  6. Autorización ou denegación por parte da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da flexibilización

#### 9.4.2.- Prórroga extraordinaria en Educación Primaria para o alumnado con NEE

Para adoptar esta medida seguiremos os seguintes requisitos:

1. Informe do titor/a solicitando xustificadamente a necesidade da medida.
2. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación
3. Conformidade da familia ou titores legais do/a alumno/a
4. Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996
5. Solicitude do director do centro dirixido á Inspección da zona á que adxuntará o informe do titor, o informe do DO e a conformidade da familia. (no mes de abril)
6. Autorización ou denegación por parte da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da flexibilización

#### 9.4.3- Alumnado con altas capacidades intelectuais

O procedemento a seguir na anticipación da escolarización será:

1. Avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación
2. Conformidade dos pais ou titores legais
3. Solicitude de intervención do especialista correspondente do EOE engadindo o informe psicopedagóxico do/a orientador/a
4. Informe do especialista do EOE.
5. Oficio do director do centro remitido á Inspección de zona
6. Informe da idoneidade ou non da proposta de flexibilización do período de escolarización da Inspección Educativa.

### **9.5.- Grupo de adquisición de linguas**

Os protocolos do grupo de adquisición de linguas está recollido no Plan de acollida de alumnos estranxeiros aprobado polo Consello escolar do Centro

### **9.6.- Grupo de adaptación da competencia curricular**

Os protocolos do grupo da adaptación da competencia curricular está recollido no Plan de acollida de alumnos estranxeiros aprobado polo Consello escolar do Centro

## **10.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.**

A avaliación do Plan realizarase dentro da avaliación xeral da nosa práctica docente e quedará reflectida na Memoria de Fin de Curso que o Equipo Directivo presenta para a súa aprobación ao Consello Escolar. Non queremos rematar sen dicir que se toda avaliación educativa é continua, no caso deste plan moito máis. Realizarase un seguimento mensual da aplicación do Plan e

ao finalizar o curso procederase á avaliación do Plan nunha dobre dimensión:

- a) Valoración da aplicación do plan e da súa eficacia. Esta valoración se realizará mediante enquisas ao profesorado e conclusións cos diferentes órganos realicen acerca das medidas adoptadas.
- b) Valoración do documento, que se realizará de acordo aos seguintes

criterios:

- Operatividade
- Coherencia cos Documentos Institucionais do Centro, co resto de plans e proxectos e coa liña educativa do Centro.
- Resposta aos distintos perfís de diversidade do Centro.
- Versatilidade, resposta a novas situacións que poidan presentarse en calquera momento.
- Garante un óptimo aproveitamento dos recursos humanos e materiais do Centro.
- Define claramente as distintas funcións dos profesionais implicados. Establece canles adecuadas de coordinación entre os distintos profesionais.
- Contempla canles adecuadas de información e relación familia-escola.
- Resultados obtidos.

O proceso a seguir na avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade será o seguinte:

- a) Análise e valoración da información recollida na “valoración do plan e as súa eficacia e a valoración dos criterios para valorar o Plan”
- b) Posta en común de conclusións e/ou iniciativas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- c) Elevación de conclusións e propostas de modificación, no seu caso, ao Claustro de Profesores, para a súa aprobación e traslado ao Consello Escolar

## 11.- Anexos

### 11.1.-SOLICITUDE DO MESTRE/A TITOR/A PARA A REALIZACIÓN DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA INFANTIL

Don/a:.....  
mestre/a do alumno/a: .....do  
Ciclo:..... Curso:..... Data do informe:.....**SOLICITA** a realización de avaliación psicopedagóxica polo  
Departamento de Orientación de dito alumno/a polo que aporto os seguintes datos

#### Datos persoais do/a alumno/a:

Data de nacemento:.....Lugar de nac.....

Enderezo

actual:.....Teléfono:.....

#### Datos familiares:

	Nome	Data de Nacem.	Estudios	Profesión
Pai				
Nai				

Nº de irmáns:..... Lugar que ocupa:.....

Familiares que conviven co/a neno/a:.....

Problemática da convivencia familiar:.....

#### Datos psicobiolóxicos:

¿Presenta problemas de VISIÓN ou AUDICIÓN?.....¿De lateralidade?.....¿Controla esfínteres?.....Alteracións físicas ou algún outro problema de saúde.....

#### Motivo polo que se solicita a avaliación psicopedagóxica:

Sospeitas de retraso madurativo       Transtornos da personalidade   
Problemas de conducta       Falta de rendimento escolar   
Problemas de aprendizaxe       Problemas de atención e concentración no traballo  Problemas de  
linguaxe       Revisión

#### Datos do desenvolvemento recollidos por observación-exploración do titor ou titora:

Desenvolvemento da fala

Articulación: correcta  incorrecta   
Fluidez: correcta  incorrecta

Desenvolvemento da linguaxe oral

Comprensión: suficiente  insuficiente   
Expresión: suficiente  insuficiente

Nivel de comunicación

Cos compañeiros: adecuado  inadecuado   
Co profesorado: adecuado  inadecuado

Ritmo de traballo

Cansa rápido:  Traballa continuo ata rematar:  Só traballa co profesor ao lado:

Calidade do traballo

Adecuada á súa idade:  Superior á súa idade:  Inferior á súa idade:

Nivel de aceptación e interiorización das normas da clase:

**3. Datos de saúde e do funcionamento sensorial:**

Aportados pola familia:

Recollidos por observación do titor ou titora:

**4. Datos afectivos e relacionais aportados pola familia:**

Xogos cos que se entretén na casa:

Persoas coas que xoga:

Persistencia ou constancia no xogo:

Tipo de relación do neno ou nena cos demais membros da familia:

**5. Datos recollidos por observación do titor ou titora:**

No recreo xoga:

con algúns nenos/as:  con calquera:  só/soa:

Nos xogos:

acepta as normas:  é constante e persistente:  cambia con frecuencia:   
quere gañar sempre:  acepta ben os “fracasos”:

Nas tarefas de aula:

busca a axuda do profesorado:  busca a axuda dos compañeiros/as:  traballa  
autonomamente:

<b>INTERACCIÓN/INTEGRACIÓN SOCIAL</b>			
	<b>SI</b>	<b>AV</b>	<b>NO N</b>
1.-Mostrase sosegado e tranquilo			
2.-É autónomo			
3.-Se observan iniciativas propias			
4.-Parece seguro de si mesmo			
5.-Cumpre as normas establecidas			
6.-É agresivo/a			
7.-É tolerante e comprensivo/a cos demais			
8.-É sociable e comunicativo/a cos demais			
9.-Pide axuda dos compañeiros cando a necesita			
10.-Presenta frecuentes chamadas de atención			
11.-Axuda aos demais			
12.-Colabora e participa nas actividades de grupo			
13.-É aceptado polos demais			
14.-Reclama axuda do adulto cando o necesita			
15.-É respectuoso cos mestres e adultos			
16.-É afectuoso cos mestres e adultos			

*ESPECIFIQUE A CONTINUACIÓN ( E SI FORA NECESARIO) AS OBSERVACIÓNS QUE ESTIME:*

Vigo, a ... de.....de 20...



Asinado:

## 11.2.-SOLICITUDE DO MESTRE/A TITOR/A PARA A REALIZACIÓN DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PRIMARIA

Don/a:.....  
mestre/a do alumno/a: .....do  
Ciclo:..... Curso:..... Data do informe:.....**SOLICITA** a realización de avaliación psicopedagóxica polo  
Departamento de Orientación de dito alumno/a polo que aporto os seguintes datos

### Datos pessoais do/a alumno/a:

Data de nacemento:.....Lugar de nac.....

Enderezo

actual:.....Teléfono:.....

### Datos familiares:

	Nome	Data de Nacem.	Estudios	Profesión
Pai				
Nai				

Nº de irmáns:..... Lugar que ocupa:.....

Familiares que conviven co/a neno/a:.....

Problemática da convivencia familiar:.....

### Datos psicobiolóxicos:

¿Presenta problemas de VISIÓN ou AUDICIÓN?.....

Alteracións físicas ou algún outro problema de saude.....

### Datos escolares:

Nivel de lectura:.....

Nivel de escritura:.....

Nivel de cálculo:.....

### Datos da linguaxe oral



Asinado:

<b>ESTILO DE APRENDIZAXE</b>			
	<b>SI</b>	<b>AV</b>	<b>NON</b>
1.-Organiza e estrutura a información			
2.-Atribúe o éxito a factores externos (sorte, axuda de terceiros,...)			
3.-Mostra capacidade de concentración			
4.-Ten gañas de estudar			
5.-É perseverante na tarefa			
6.-Secuencia os pasos a seguir na execución da tarefa			
7.-Emprega estratexias comprensivas na aprendizaxe			
8.-Motívanlle os pequenos éxitos e logros			
9.-Responde ante reforzos sociais (eloxio, alabanza,...)			
10.-Responde ante reforzos materiais (puntos, golosiñas, etc)			
11.-Tende a abandonar a tarefa ante a dificultade			
12.-Atribúe o éxito a factores internos (capacidade, esforzo, ..)			
13.-Presenta unha imaxe positiva de se mesmo			
14.-Emprega estratexias mecánicas na aprendizaxe			
15.-Emprega estratexias memorísticas na aprendizaxe			
<b>INTERACCIÓN/INTEGRACIÓN SOCIAL</b>			
	<b>SI</b>	<b>AV</b>	<b>NON</b>
1.-Mostrase sosegado e tranquilo			
2.-É autónomo			
3.-Se observan iniciativas propias			
4.-Parece seguro de si mesmo			
5.-Cumpre as normas establecidas			
6.-É agresivo/a			
7.-É tolerante e comprensivo/a cos demais			
8.-É sociable e comunicativo/a cos demais			
9.-Pide axuda dos compañeiros cando a necesita			
10.-Presenta frecuentes chamadas de atención			
11.-Axuda aos demais			
12.-Colabora e participa nas actividades de grupo			
13.-É aceptado polos demais			
14.-Reclama axuda do adulto cando o necesita			
15.-É respectuoso cos mestres e adultos			
16.-É afectuoso cos mestres e adultos			
<b>ACTITUDES RESPECTO Ó TRABALLO</b>			
	<b>SI</b>	<b>AV</b>	<b>NON</b>
1.-Mantén a atención de forma continuada			
2.-Reclama demasiada axuda do mestre			
3.-Ante a presentación de estímulos: focaliza a atención			
4.-Esforzase para manter a concentración			
5.-Pregunta cando non entende na clase			
6.-Vese reforzada a súa atención ante presentacións de tipo verbal			
7.-Vese reforzada a súa atención ante presentacións de tipo visual			
8.-Vese reforzada a súa atención ante presentacións de tipo kinestéticas			
9.-Finaliza no tempo previsto as tarefas que se lle encomendan			
10.-É responsable e cumpre co seu traballo			
11.-Esforzase para manter a atención			
12.-Organiza o tempo			
13.-Ten iniciativa no traballo			
14.-Presenta os traballos limpos e ordeados			
15.-Móstrase creativo/a nos seus traballos			

16.-Antes de facer unha tarefa nova, móstrase motivado/a			
17.-Custalle asimilar novos aprendizaxes			
18.-É ordeado/a e respectuoso/a co material escolar			

### 11.3.-Comunicación familiar para avaliación psicopedagóxica

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, co fin valora-las súas necesidades educativas que poida presentar e que permita a adopción das medidas de atención educativa adecuadas. Esta avaliación será levada a cabo polo xefe do departamento de Orientación do CEP CELSO EMILIO FERREIRO.

Polo que **declaro** que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)  
En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

Nai/Pai/Titor/a legal

### 11.4.-FICHA PARA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO (EOE)

[http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content\\_type/learningobject/2012/01/11/5ab34e29b72bc97919841526e1239806.pdf](http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/learningobject/2012/01/11/5ab34e29b72bc97919841526e1239806.pdf)

### 11.5 Comunicación ás familias da adopción de medidas extraordinarias

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a, así como da medida que se propón para a mellora do seu desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo e mostro o meu acordo, de se-lo caso.

	Atención mestras de Pedagogía Terapéutica
	Audición e Linguaxe
	Adaptación curricular
	Grupo de adquisición de linguas
	Grupo de adaptación de competencia curricular
	Outras

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

Nai/Pai/Titor/a legal

## 11.6 Conformidade familiar e informe do profesorado titor para solicitude de flexibilización da idade de escolarización

### CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO OU ALUMNA

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, pai/nai/titor legal (risque o que proceda) do/a alumno/a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ anos de idade e escolarizado en \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_.

Informado/a polo Xefe/a do Departamento de Orientación do CEP Celso Emilio Ferreiro e do/a mestre/a titor/a do resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización (permanencia extraordinaria de un curso máis na etapa de \_\_\_\_\_).

Manifesto a miña CONFORMIDADE con que se proceda a flexibilizar o período de escolarización do noso fillo/a, co fin de que o vindeiro ano lectivo \_\_\_\_\_ poida permanecer no curso \_\_\_\_ do \_\_\_\_ ciclo de \_\_\_\_\_.

Vigo a, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo: \_\_\_\_\_

Pai/nai/titor/a legal

### INFORME DO PROFESOR/A TITOR/A.

Informe do alumno/a \_\_\_\_\_, para a solicitude de permanencia un curso máis na etapa de \_\_\_\_\_.

Don/a \_\_\_\_\_ titor/a de \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_ do CEP Celso Emilio Ferreiro.

#### INFORMA

Que o alumno/a \_\_\_\_\_, de \_\_ anos de idade, escolarizado no \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_ non ten globalmente conseguidos os obxectivos curriculares de \_\_\_\_\_ sinalados no Proxecto Curricular do Centro, polo que a medida de flexibilización do periodo de escolarización proposta polo Departamento de Orientación do centro, parece AXEITADA, debendo terse presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto.

Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular que se xunta a este informe.

Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

O/A Profesor/a Titor/a

## CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO OU ALUMNA

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, pai/nai/titor legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ anos de idade e escolarizado en \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_.

Informado/a polo Xefe/a do Departamento de Orientación do CEP Celso Emilio Ferreiro e polo responsable da área de Sobredotación Intelectual do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra do resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización.

Manifesto a miña CONFORMIDADE con que se proceda a flexibilizar o periodo de escolarización do noso fillo/a, co fin de que o vindeiro ano lectivo \_\_\_\_\_ poida cursar \_\_\_\_ curso do \_\_\_\_ ciclo de \_\_\_\_\_.

Vigo a, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

O Pai/A nai/Titor legal

## INFORME DO PROFESOR/A TITOR/A.

Informe do alumno/a \_\_\_\_\_, para a solicitude de flexibilización do período de escolarización obrigatoria por sobredotación intelectual.

Don/a \_\_\_\_\_ titor/a de \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_ do CEP Celso Emilio Ferreiro.

INFORMA

Que o alumno/a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_ anos de idade, escolarizado no \_\_\_\_ curso de \_\_\_\_\_ ten globalmente conseguidos os obxectivos curriculares do \_\_\_\_ ciclo de \_\_\_\_\_ sinalados no Proxecto Curricular do Centro, polo que a medida de flexibilización do periodo de escolarización proposta polo Departamento de Orientación do centro e coordinado co especialista de sobredotación intelectual do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra, parece AXEITADA, debendo terse presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto.

Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular que se xunta a este informe.

Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

O/A Profesor/a Titor/a

## 10.6 ACI

### ACTA DA REUNIÓN DO EQUIPO DE PROFESORES PARA A FORMALIZACIÓN DUNHA ADAPTACIÓN INDIVIDUAL DO CURRÍCULO

Á vista das avaliacións realizadas do alumno/a:

\_\_\_\_\_ do curso \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

polo equipo de profesores do nivel e a avaliación psicopedagóxica feita polo orientador do centro, reúnese o equipo de profesores co xefe de estudos para tomar as seguintes medidas:

1. Realizar unha adaptación individual do currículo a alumno/a \_\_\_\_\_ do nivel \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ .
2. Realizar a adaptación curricular nas seguintes áreas:
3. Comunicarlle á familia, coa maior brevidade posible, a necesidade da adaptación e o que esta medida significa cara á aprendizaxe do neno/a e as posibilidades de reclamála segundo o art. 15 da Orde de 6 de outubro de 1995.

Asdo: Titor/a do nivel \_\_\_\_\_ Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

## **COMUNICACIÓN AOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DA REALIZACIÓN DUNHA ADAPTACIÓN INDIVIDUAL DO CURRÍCULO.**

Alumno/a: \_\_\_\_\_

Pai/Nai/Titor legal: \_\_\_\_\_

Con data de hoxe, comunícaselle á familia de (alumno/a) \_\_\_\_\_, representada por (nome do pai, nai ou titor legal) \_\_\_\_\_ en calidade de (pai/nai/titor legal) a formalización dunha ACI nas materias que se citan a continuación:

(nome do pai, nai ou titor legal) \_\_\_\_\_ reconece estar informado/a sobre as implicacións desta medida e as posibilidades que ten de reclamar diante da administración educativa segundo o art. 15 da Orde de 6 de outubro de 1995.

Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_\_

asdo: (nome do pai, nai ou titor legal)  
DNI \_\_\_\_\_

Este Plan de Atención á Diversidade foi elaborado polo Departamento de Orientación de acordo cas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as achegas de todo o profesorado do Centro. En reunión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2.016 foi informado o claustro de profesorado.

O Xefe do Departamento de Orientación  
Asdo. Ubaldo Ovidio Vázquez Méndez

### **CONSELLO ESCOLAR CERTIFICACIÓN**

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 5 de abril de 2016, quedou aprobado o Plan de Atención á Diversidade do Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En Vigo, a 5 de abril de 2016.

O Equipo Directivo.

A Xefe de Estudos

O Director

A Secretaria

Asdo. Paula Iglesias Fernández

Asdo.: José Casas Freire.

Asdo.: Paz Lago Gil